

QUEDADAS NO MUSEO

Resume das xuntanzas no Museo de Historia Natural da SGHN en Ferrol e adianto da seguinte do 5 de abril



Marzo 2024 — nº 4

Resume da actividade (01/03/2024)



Na apertura da 4ª xornada das QnM contamos co noso socio o biólogo mariño Joám Luís “Cesio” Ferreiro, que falou da problemática dos plásticos así como doutros elementos contaminantes no mar.

Durante a súa interesante exposición, falou tamén das distintas artes de pesca e as consecuencias da súa mala xestión neste eido.

Como bo coñecedor, Cesio explicou un pouco da evolución, bioloxía e ecoloxía dalgúns organismos mariños vertebrados e tamén invertebrados, como son os poliquetos, os sipuncúlidos, os nemertinos, etc.

As ligazóns sobre estes grupos pertencen á Universidad Complutense de Madrid. Algunhas curiosidades sobre nemertinos, e onde falan de *Lineus longissimus* (MNCN).



Tarros con algúns exemplares que se circularon entre o público asistente

De seguido Pablo Torrella falou da obra *Reseña de la Historia Natural de Galicia* do naturalista ferrolán Víctor López Seoane, e comentou algunhas cousas sobre a súa relación con outros naturalistas que descubriu ao revisar a súa correspondencia.



*Algúns naturalistas e científicos cos que López Seoane mantivo relación.
De esquerda a dereita: Laureano Pérez Arcas, Mariano de la Paz Graells e Miguel Colmeiro*

A este mesmo respecto dos antigos naturalistas, seguidamente enlazamos coa interesante presentación no MHNF do libro do investigador e divulgador Rafael López Loureiro que leva o título "*Martín Sarmiento, o primeiro naturalista*", editado por Edicións Embora (cuxa presentación tivo lugar o pasado xoves 7 de marzo no salón de actos do MHNF).

Lembramos, aproveitando o nome do autor Rafael López Loureiro como impulsor da iniciativa, a tamén inminente conmemoración do **9 de marzo** como **Día do Naturalismo Galego**. Tedes esta información que publicamos na web da SGHN a este respecto no ano 2023.

Soubemos de máis eventos, como a charla que terá lugar no Campus de Esteiro a cargo do socio Pablo Torrella, quen expoñerá un pequeno proxecto de estudo para coñecer os escaravellos saproxilófagos que habitan as árbores vellas do xardín do Campus de Esteiro da UDC, coa participación do voluntariado do Green Campus.

A charla será na sala de audiovisuais da EUDI no Campus de Esteiro (Ferrol) o **mércores 13 de marzo ás 12:30**, e aínda que esta é libre dende a UDC veñen a recomendar a inscrición previa.

Podedes acceder ao cartel en PDF coa programación do Marzo Ambiental 2024 organizado polo Green Campus da UDC.



Presentación do libro "Martín Sarmiento, o primeiro naturalista" (no MHNF, 07/03/2024 ás 19:00h)



Sen deixar de lado este apartado de eventos de divulgación ambiental, informouse da presentación dunha mostra fotográfica do autor **Bieito Arias** titulada “*Aves no esteiro do Eume*”. Esta será o **venres 15 de marzo ás 20:00 h, na Casa da Cultura de Pontedeume** e contará coa participación do escritor Xosé Manuel Penas Patiño e Xan Rodríguez Silvar como delegado da SGHN en Ferrol.



Adiantamos información tamén sobre a **conferencia** a impartir o **venres 22 de marzo** no salón de actos do MHNF sobre o **lago de Sobrado** a cargo do socio Rafael Carballeira, Doutor en Bioloxía pola UDC e investigador postdoctoral do Departamento de Ecoloxía da Universidad de Valencia.

Esta conferencia será a que abra o programa 2024 organizado dende a delegación de Ferrol da SGHN “*Xuntanzas Naturalistas*”, patrocinado pola Deputación da Coruña na súa liña de subvención do programa DP0031-2024.

Lembrede que por mor desta conferencia, non hai QnM as 17:00 o día 22!



Do que falaremos na vindeira QnM (05/04/2024)

- Un software libre para recoñecer individuos de *Salamandra salamandra* polos seus patróns de manchas.
- Certa cartografía e ilustracións curiosas do século XIX sobre a cidade de Ferrol e arredores.
- A presentación do proxecto de estudo dos coleópteros saproxílicos do Campus de Esteiro da UDC en colaboración co voluntariado do Green Campus.
- Novas, eventos, e moitas cousas máis...

As QnM son actividades gratuítas e abertas a todo tipo de público con este tipo de inquiredanzas: persoas vencelladas ao sistema educativo, persoas que polo xeral visitan o museo con carácter libre, público do tipo familiar, xuvenil e infantil...

VÉN E PARTICIPA!

